

XVIII PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS

Flores de Dunsinane, de Manuel Lourenzo

O xurado decidiu conceder, por maioría, este premio á obra titulada *Flores de Dunsinane*, de Manuel Lourenzo, polo seu ritmo e polo emprego dunha linguaxe rica, poética e expresiva dramaticamente, así como por formular unha reescritura e reinterpretación de *Macbeth*, creando expectativas no lector/espectador ao ofrecer unha nova luz en relación aos personaxes.

O argumento xira arredor de Fleance, fillo de Banquo, o compañeiro de armas de Macbeth e a quen este mandara asasinar, que chegou a rei de Escocia con astucia. Agora, vello e moribundo, recibe a visita dos seus antecesores, os Macbeth, con quen revive o reinado sanguento destes.

MANUEL LOURENZO

Manuel Lourenzo é un dos grandes nomes da escena galega, contribuíndo a conformar un teatro galego maduro e independente a través das súas múltiples facetas profesionais: autor, director, actor, tradutor, teórico, conferenciante, fundador de varias compañías, editor de coleccións literarias e profesor.

Nado en Ferreira do Valadouro en 1943, con vintedous anos creou xunto a Francisco Pillado o Grupo de Teatro O Facho, co que dá os seus primeiros pasos o teatro independente galego. Sucesivamente fundaría outros grupos e compañías: Teatro Circo (1967), Escola Dramática Galega (1978), Compañía Luís Seoane (1980), Elsinor Teatro (1990) e Compañía Casahamlet, que rexenta na actualidade.

Ademais de varios traballos para a radio, a televisión e o cinema, coordinou xunto con Francisco Pillado varias publicacións, como os Cadernos da Escola Dramática Galega, o Caderno do Espectáculo da Compañía Luís Seoane, Castrodouro-Teatro, Elsinor-Teatro e, na actualidade, a Revista Casahamlet. Ambos son tamén autores de varios estudos sobre a historia da dramaturxia galega, como *O teatro galego* (1979), *Antoloxía do teatro galego* (1981) e *Dicionário do teatro galego* (1987).

Lourenzo é autor de máis de cincuenta obras dramáticas, entre as que se atopan *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza*, *As criadas*, *Defensa de Helena*, *Electra*, *Últimas faíscas de setembro*, *Veladas indecentes* e *Insomnes*. Nos últimos anos publicou os tomos de teatro Nocturnos, *Camiñar polo arame cunha lata de cervexa* e *O Glaciar/El Glaciar* (2005); *Contos troianos*, *A noite dos cadaleitos* e *Eclipses* (2006); *Belicosario* e *Eléctricas* (2007), e *As horas baixas* (2008). Ademais, verqueu ao galego

pezas dos clásicos gregos e de autores como Goethe, Büchner, Fassbinder, Yourcenar e Heiner Müller e levou a escena a dramaturgos como Sófocles, Eurípides, Puschkin, Chekov, Strindberg, Brecht e Genet, e a autores galegos como Castelao, Cunqueiro, Otero Pedrayo, Euloxio R. Ruibal, Xesús Pisón, etc.

Entre os seus últimos traballos como director destacan os espectáculos *Contos troianos* (2007), *O arame* (2008) e *Nocturno Poe* (2009). Ademais, e como dramaturgo residente do Centro Dramático Galego, Lourenzo asinou *As dunas*, espectáculo que a compañía pública levou a escena este ano baixo a dirección de Quico Cadaval.

O seu labor como escritor e director teatral foi recoñecido con máis dunha vintena de premios, entre os que se atopan o Premio Abrente, o Facho de Poesía, o Celso Emilio Ferreiro de Poesía, o premio do Festival Internacional de Teatro de Ribadavia ao mellor director, o Rafael Dieste en dúas ocasións, o Premio Nacional de Literatura Dramática, o Premio Nacional da Cultura Galega en Artes Escénicas e o Pedrón de Ouro.

IV PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL

***Sopa de xarope de amora*, de Xosé A. Neira Cruz**

O xurado decidiu conceder por maioría o IV premio Manuel María á obra titulada *Sopa de xarope de amora*, unha comedia áxil e divertida, protagonizada por personaxes estrambóticos que actualizan algúns dos tradicionais contos de fadas creando unha atmosfera que estimula a imaxinación. Destaca o xurado a boa resolución dramática tanto dos personaxes coma dos escenarios onde se desenvolve a acción.

Sopa de xarope de amora presenta as peripecias do doutor Amorodo, científico ao servizo das casas reais da contorna da súa torre-laboratorio que vive tolamente namorado da apartadiza dona Chismunda. Un ataque sorpresa ao seu fogar poñerá en marcha a acción desta obra na que o humor, a parodia das linguaxes teatrais e televisivas e a crítica aos poderes establecidos está presente en todo momento.

XOSÉ A. NEIRA CRUZ

Escritor, xornalista e profesor da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago, Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) deuse a coñecer como narrador en 1988, cando gañou o Premio Merlín. Desde entón, acadou outros galardóns: o Barco de Vapor en 1997 e 1999, o Merlín, que volveu gañar no ano 2000, o Premio Raíña Lupa, acadado no ano 2002 e o Premio Lazarillo, que lle foi outorgado en 2004 polo texto de teatro infantil *A noite da raíña Berenguela*. A súa obra

foi tamén destacada con dous Premios Lecturas (concedidos polos lectores das bibliotecas galegas), e foi seleccionada pola Biblioteca Internacional da Xuventude de Múnic para a Lista de White Ravens e polo Banco del Libro de Venezuela, que considerou en 2006 que a súa novela *O armiño dorme* era unha das dez mellores obras xuvenís do mundo publicadas nese ano.

Se ben a maior parte da súa obra sitúase na narrativa, tamén frecuentou o xénero teatral, tendo sido levadas a escena dúas obras da súa autoría, *Cando a noite cae*, representada pola compañía Teatro da Falúa en 2007 e merecente do 2º Premio “Galiza crea” de teatro afeccionado da Xunta de Galicia, e *Valdemuller*, adaptada teatralmente polo Centro Dramático Galego baixo a dirección de Pablo Vergne.

En 2008 fíxose co Premio Barriga Verde de textos teatrais para monicreques (modalidade infantil) coa obra *O punto da escarola*, publicada por Baía Edicións, que será levada á escena proximamente pola compañía Acontrabutaca. No eido da poesía foi galardoado en 2007 co Premio Fiz Vergara Vilariño pola obra *De esparto e seda* (Espirál Maior, 2008).

Á parte da súa faceta de creador, dedícase á investigación no ámbito do xornalismo e da literatura infantil, tendo sido convidado para impartir cursos e conferencias sobre o libro e a lectura en Alemaña, Brasil, Cuba, China, Sudáfrica, Colombia e Francia. Asemade, fundou a revista *Fadamorgana*, da que é director. Entre os anos 2000 e 2004 foi membro do comité executivo de IBBY e presidente do xurado internacional do Premio IBBY-Asahi Reading Promotion durante o período 2002-2004. Comisario de exposicións de relevo internacional, como a titulada “A viaxe a Compostela de Cosme III de Médicis” (S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, outubro de 2004-xaneiro de 2005), director de varios cursos de verán da Universidade de Santiago, foi tamén cofundador da compañía de teatro Bicodobrelo.

Entre a súa bibliografía de Neira Cruz, hai que sinalar os seguintes títulos:

- *Ó outro lado do sumidoiro*. Premio Merlín 1988 (Xerais, 1989).
- *Valdemuller*. Premio O Barco de Vapor 1997 (SM, 1998). Traducida ao castelán, catalán e portugués.
- *Os ollos do tangaleirón*. Premio O Barco de Vapor 1999 (SM, 2000). Traducida ao castelán.
- *As cousas claras*. Premio Merlín 2000 (Xerais, 2000). Traducida ao castelán, catalán e portugués.
- *O armiño dorme*. Premio Raíña Lupa 2002; Lista de White Ravens da Biblioteca Internacional da Xuventude de Múnic; “Los mejores de 2006” do Banco del Libro de Venezuela (Galaxia, 2003). Traducida ao castelán, catalán e portugués. En curso as traducións ao francés, alemán e italiano.
- *A noite da raíña Berenguela*. Premio Lazarillo 2004 (Planeta-Oxford, 2005). Traducida ao castelán.

- Son adoptada, e que?* Premio Lecturas 2005 (Galaxia, 2004). Traducida ao castelán, catalán, asturiano, vasco, aragonés, asturiano e coreano.
- Gatos e leóns* (Planeta-Oxford, 2006). Traducida ao castelán. En curso a tradución ao portugués e ao alemán.
- O prodixio dos zapatos de cristal* (Galaxia, 2008). Incluída na lista de White Ravens da Biblioteca Internacional de Múnic.
- O punto da escarola* (Baía, 2008). Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (modalidade infantil).

VII PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES. MODALIDADE PARA ADULTOS

***Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño**

O xurado decidiu conceder este premio, por maioría, á obra *Auga que non vas beber...*, un texto de diálogos áxiles e irónicos, que entronca co teatro de Cachiporra na tradición de Barriga Verde, Blanco Amor e Dieste, adaptando as cantigas populares e dándolles unha dimensión dramática e un xogo rico para a escena.

Auga que non vas beber... é un musical satírico para marionetas inspirado na tradición oral anticlerical ibérica. Xuntando contos con cantos, confesións, sermóns, locucións, recomendacións, adagios, proverbios, trabalinguas, adiviñas, ditos e reditos, confeccionouse a historia do Padre Damián, párroco de Agolada, e os seus amoríos coa súa criada Carolina, muller de Xosé o muiñeiro.

IGNACIO VILARIÑO SANMARTÍN

Ignacio Vilariño Sanmartín licenciouse en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Comezou a traballar coa compañía de monicreques Viravolta en 1993, participando en todos os seus espectáculos como construtor e manipulador até o ano 2005, momento en que comeza a colaborar coas compañías portuguesas Teatro Caracol e Teatro do Elefante, e crea en Lisboa Fantoques Baj, proxecto que actualmente dirixe.

Dende 1999, é tamén colaborador habitual –como actor e escenógrafo– nos espectáculos de Os Quinquilláns. Foi membro fundador das compañías Seisdedos e Orfanato Albert Ansot de Gramont, así como do Museo Galego da Marioneta. Na actualidade, dirixe o proxecto expositivo galego-portugués *Grandepequeno*, a través do que se pretende difundir e dinamizar a cultura popular e as súas representacións de escala.

VII PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES. MODALIDADE PARA RAPACES

***Bon appétit*, de Begoña García Ferreira**

O xurado acordou conceder o premio, por maioría, á obra titulada *Bon appétit*, unha peza de estrutura clásica que presenta un canto á gastronomía na que están moi ben aderezados os ingredientes dramáticos e gastronómicos, conxunción que crea unha divertida intriga que se resolve con final feliz e que se adapta moi ben ao teatro de monicreques polas propostas do texto.

Bon appétit é unha comedia de amor que mestura estereotipos culturais, o gusto pola comida e a cociña experimental de palabras con poderes máxicos, dando como resultado un “prato” para espertar os sentidos.

BEGOÑA GARCÍA

Begoña García Ferreira (Santiago de Compostela, 1979) é actriz e autora teatral. A súa traxectoria escénica comezou en 1998 como actriz en grupos de teatro universitario (Ápeiron, Teutema). En 2003, coa compañía caChuzo, participa na montaxe *Insomnio* de Rubén Ruibal, e en 2005 escribe e interpreta con Eva Gontad *Charlie's Angel's Sex*, ambas dirixidas por Carlos Losada. A partir de 2006 céntrase na escrita de textos teatrais, guións para curtas e textos para a radio. En 2008, o seu texto *O mal da vaca* (Xerais, 2008) é galardoado co premio do xurado no II Premio Diario Cultural De Teatro Radiofónico, convocado pola Radio Galega e o Centro Dramático Galego.